



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Mércores, 23 de decembro de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. 19.405

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Orde do 18 de decembro de 2009 pola que se regula o procedemento de expedición da tarxeta sanitaria para os galegos e galegas, residentes no exterior, durante a súa estadía temporal en Galicia. 19.405

Páxs.**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se aproba a modificación dos estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra. 19.406

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se regula a convocatoria para o ano 2010 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. 19.407

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Resolución do 1 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas. 19.412

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Orde do 18 de decembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de agosto de 2009 pola que se regulan e se convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas, ampliando a súa dotación orzamentaria e modificando o límite establecido por quiló de cota. 19.413

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Anuncio do 11 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto pola Resolución do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. 19.414

Páxs.**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

- Orde do 10 de decembro de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería. 19.414
- Orde do 11 de decembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 6 de novembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 223, do 13 de novembro). 19.416
- Orde do 11 de decembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 10 de novembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 226, do 18 de novembro). 19.417

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 23 de outubro de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo, xefe de servizo de pediatría deste complexo hospitalario. 19.417
- Resolución do 19 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal sanitario diplomado (coordinador de servizo de atención primaria). 19.418
- Anuncio do 25 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, polo que se procede a dar publicidade a Resolución 11/2009 da mesma data, pola que se convoca a provisión dun posto vacante de coordinador de servizo de atención primaria. 19.418

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO UN DE PADRÓN**

- Edicto (31/2009). 19.419

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO UN DA CORUÑA**

- Edicto (331/2009). 19.419

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA			
— Cédula de notificación de sentenza (601/2007).	19.420	— Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/429).	19.424
XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA			
— Cédula de notificación de sentenza (701/2009).	19.420	— Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Mañón. (Expediente IN407A 09/436).	19.425
— Cédula de notificación de sentenza (722/2009).	19.421		
XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA			
— Cédula de notificación de sentenza (162/2008).	19.421	— Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Narón. (Expediente IN407A 09/437).	19.425
— Cédula de notificación de sentenza (1164/2008).	19.421	— Acordo do 30 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se comunica a resolución ditada no expediente sancionador E.S. 1/09 seguido a <i>Áridos Lamas, S.A.</i>	19.425
VI. ANUNCIOS			
a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA			
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA			
— Resolución do 9 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifican as resolucións dos expedientes que se relacionan, de revogación da autorización como empresa operadora e da cancelación da inscrición no Rexistro do Xogo de Máquinas desta consellería, así como de proposta de liquidación provisional e acordo de liquidación provisional das correspondentes taxas administrativas.	19.422	— Resolución do 9 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Carballo. (Expediente IN407A 09/362).	19.426
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA			
— Acordo do 23 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica no concello das Pontes de García Rodríguez. (Expediente IN407A 09/128).	19.423	— Resolución do 10 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da reforma do parque de 15 kV da subestación San Marcos 132/15 kV de Oleiros, no termo municipal de Oleiros (A Coruña). (Expediente IN407A 09/216).	19.426
— Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Boiro. (Expediente IN407A 09/359).	19.424	— Resolución do 17 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara, en concreto, de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica denominada L.M.T. enlace Paredes-San Fiz, nos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa. (Expediente IN407A 08/229-3 A.T.).	19.428
		— Resolución do 17 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica L.M.T., C.T. e R.B.T. Costela, Mira do Rfo, no concello de Coles. (Expediente IN407A 09/92-3).	19.429

- Páxs.
- Resolución do 19 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica L.M.T., C.T.I. e R.B.T., Piñeiro-Poulo (Ordes). (Expediente 473/2008). 19.430

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Resolución do 16 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación da subministración de ordenadores persoais e monitores tft/lcd para os distintos centros educativos dependentes desta consellería, cofinanciado con fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder). (Expediente ED-05/10 SU). 19.430

- Resolución do 16 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación da subministración de ordenadores portátiles para os distintos centros educativos dependentes desta consellería, cofinanciado con fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder). (Expediente ED-06/10 SU). 19.431

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Cédula do 19 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica o inicio do expediente sancionador PROM 171/2009, incoado por infraccións en materia sanitaria. 19.432

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de equipos electromédicos, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria. 19.432

- Páxs.
- Resolución do 24 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do expediente anticipado de gasto do servizo de manutención do persoal no punto de atención continuada (PAC) de Ourense AB-XPO1-10-001. 19.433

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

- Anuncio de procedemento aberto (referencia As-57/2009). 19.434

CONCELLO DE VIGO

- Anuncio. 19.434

CONCELLO DE VILALBA

- Anuncio de contrato de servizos. 19.435

CONCELLO DE VIVEIRO

- Edicto. 19.435

e) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA

- Acordo do 2 de decembro de 2009 polo que se convoca o curso de diplomado en Saúde Pública para o ano 2010. 19.435

COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

- Anuncio do expediente de contratación 90644C. 19.436



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>Correo electrónico: dog@xunta.es

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón

15142 Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regúlase a atención ao cidadán,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda, pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, o seguinte procedemento:

PR980A Premios ao desenvolvemento de novos contidos para internet, para particulares e asociacións non empresariais sen ánimo de lucro.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 18 de decembro de 2009 pola que se regula o procedemento de expedición da tarxeta sanitaria para os galegos e galegas, residentes no exterior, durante a súa estada temporal en Galicia.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece a cobertura universal da asistencia sanitaria en Galicia, de conformidade co establecido na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde.

O Decreto 177/1995, do 16 de xuño, e a Orde do 12 de xuño de 1995 que o desenvolve, estableceron as características e o contido da tarxeta sanitaria como documento de carácter básico para o acceso á asistencia sanitaria prestada polo Sistema Público de Saúde de Galicia.

En recoñecemento da singularidade do colectivo de galegos e galegas de orixe ou de ascendencia que residan fóra do territorio español, aprobouse o Decreto 429/2009, do 3 de decembro, que modifica o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se crea unha tarxeta sanitaria para o acceso destas persoas as prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Esta orde, que desenvolve o Decreto 429/2009, do 3 de decembro, ten como finalidade habilitar a provisión de servizos sanitarios e establecer un procedemento áxil e sinxelo para a expedición e activación desta tarxeta sanitaria.

De acordo co anterior e, en uso das competencias e atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde establecer o procedemento de expedición e activación da tarxeta sanitaria que servirá de acreditación para o acceso aos servizos sanitarios dos galegos e galegas, de orixe ou ascendencia, residentes no estranxeiro, a que fai referencia o artigo 1 parágrafo 2º do Decreto 177/1995, do 16 de xuño.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

A tarxeta sanitaria seralles facilitada aos galegos e galegas residentes no estranxeiro que cumpran as condicións que se establecen no artigo 1 do Decreto 177/1995, do 16 de xuño.

O dito documento acreditativo permitirá o acceso ás prestacións sanitarias establecidas no artigo 3 do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, que regula a tarxeta sanitaria.

As prestacións sanitarias a que se refire o parágrafo anterior se limitan ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-*Procedemento para a obtención da tarxeta sanitaria.*

1. Para a solicitude da tarxeta sanitaria dirixirase á xerencia de atención primaria a que pertenza o Consello no que resida na súa estancia en Galicia a correspondente petición mediante un impreso que se facilitará para tal efecto, acompañado da documentación seguinte:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor.

b) Copia, acompañada do documento orixinal, do Certificado de Residencia de Españois Residentes no Estranxeiro, emitida pola embaixada, oficina consular de España no Estado de residencia ou polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, actualizada no momento da solicitude.

c) Copia, acompañada do documento orixinal, do Certificado de Inscripción no Censo de Electores Residentes Ausentes, emitido, ben polo servizo do censo da embaixada, oficina consular de España no Estado de residencia ou polas delegacións provinciais do Instituto Nacional de Estatística e da Oficina do Censo Electoral, actualizado no momento da solicitude.

d) Número da Seguridade Social asignado.

2. Os menores de 18 anos, ademais da petición, presentarán a documentación seguinte:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte, en vigor.

b) Fotocopia do libro de familia.

c) Copia, acompañada do documento orixinal, do Certificado de Residencia de Españois Residentes no Estranxeiro, emitida pola embaixada, oficina consular de España no Estado de residencia ou polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, actualizada no momento da solicitude.

d) Fotocopia, acompañada do documento orixinal, do Certificado de Inscripción no Censo de Electores Residentes Ausentes do pai, da nai ou do titor, emitido ben polo servizo do censo da embaixada, oficina consular de España no Estado de residencia ou polas delegacións provinciais do Instituto Nacional de Estatística e da Oficina do Censo Electoral, actualizado no momento da solicitude.

e) Número da Seguridade Social asignado.

3. Unha vez presentada a documentación relacionada no parágrafo anterior, na xerencia de atención primaria correspondente, procederase a dar de alta ao interesado na base de datos de tarxeta sanitaria, e a activación desta cos datos de identificación persoal e o período de validez recoñecido, procedendo, ao mesmo tempo á asignación da cota médica do

centro de saúde que lle corresponda por razóns de proximidade á súa residencia de estadía temporal no concello galego que notifique.

Artigo 4º.-*Prazo de validez do documento.*

O prazo de validez da tarxeta sanitaria para residentes no estranxeiro coincidirá co da estancia temporal en Galicia, non podendo exceder de tres meses desde o momento da súa expedición, prorrogable por outros tres, por petición xustificada do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.

Artigo 5º.-*Prórrogas e renovacións.*

As prórrogas e renovacións poderanse solicitar directamente no centro de saúde de atención primaria que lle corresponda.

Artigo 6º.-*Contido da prestación de asistencia sanitaria.*

A atención sanitaria comprenderá aquelas prestacións sanitarias derivadas dun problema de saúde novo, coa cobertura establecida no artigo 3 do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, que regula a tarxeta sanitaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Desenvolvemento.*

Autorízase a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación para levar adiante todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde, e, en particular, establecer o deseño e o procedemento interno de activación da tarxeta sanitaria, así como a habilitación dos sistemas informáticos necesarios para a homoxeneización das actuacións dos centros de saúde no proceso de efectividade do documento.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2009.

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se aproba a modificación dos estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de

decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, tendo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asignadas as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais de Galicia, ditada en virtude da dita competencia, establece no artigo 18 a obrigatoriedade de comunicar á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións.

Dando cumprimento a esta disposición o Ilustre Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra, acordou, en asemblea xeral que tivo lugar o 18 de setembro de 2009, a aprobación da modificación dos estatutos. Posteriormente, foron comunicados a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, despois da cualificación de legalidade, tal como dispón o artigo 18.1º da Lei 11/2001, de colexios profesionais de Galicia.

A precitada lei establece que os colexios profesionais deberán axustarse ás prescricións dos estatutos xerais do Consello Xeral. Neste caso, a modificación do artigo 30 do Estatuto xeral de procuradores xustifica a modificación do artigo 115 dos estatutos particulares do Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade da modificación estatutaria efectuada e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar a modificación dos estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra, que figura como anexo a esta orde.

Disposición derradeira

Este orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Modificación do artigo 115 dos estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Procuradores de Pontevedra

Con base nas anteriores consideracións o artigo 115 queda redactado como segue:

«Artigo 115º.-O procurador que cese na representación está obrigado a devolver a documentación que estea no seu poder e a facilitar ao novo procurador a información que sexa necesaria para continuar co oficial exercicio da representación procesual».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se regula a convocatoria para o ano 2010 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os funcionarios de carreira dos corpos docentes aos que se refire a disposición adicional sétima da referida lei, así como os funcionarios dos corpos a extinguir a que se refire a disposición transitoria quinta da Lei 31/1991, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1992, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, poderán optar a un réxime de xubilación voluntaria ata a data en que finalice o proceso de implantación desta lei establecido na disposición adicional primeira, sempre que reúnan todos e cada un dos requisitos establecidos.

O acordo do Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007, determina o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará o Estado previstas na Lei orgánica de educación para os funcionarios que imparten docencia en niveis non universitarios.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000, establécese o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará a Xunta de Galicia para incentivar a xubilación voluntaria dos funcionarios docentes que imparten docencia en niveis non universitarios, compatibles coas previstas no parágrafo anterior.

En virtude do exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Poderán solicitar a xubilación anticipada voluntaria, con efectividade do 31 de agosto do ano 2010, os funcionarios docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación con destino nesta comunidade autónoma incluídos no

ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, pertencentes a algún dos seguintes corpos:

- Corpo de mestres.
- Corpo de catedráticos de ensino secundario.
- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo de profesores técnicos de formación profesional.
- Corpo de catedráticos de música e artes escénicas.
- Corpo de profesores de música e artes escénicas.
- Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño.
- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.
- Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas.
- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Corpos e escalas declaradas a extinguir con anterioridade á vixencia da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Corpo de inspectores de educación.

Segundo.-Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación da solicitude en postos pertencentes aos correspondentes cadros de persoal de centros docentes ou que durante unha parte dese período permaneceran en situación de servizos especiais ou ocuparan un posto de traballo que dependa funcional ou organicamente das administracións educativas ou ben lles fora concedida excedencia por algún dos supostos recollidos no artigo 57.4º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

b) Ter cumpridos sesenta anos de idade o 31 de agosto do ano 2010.

c) Ter acreditados un mínimo de quince anos de servizos efectivos ao Estado, o 31 de agosto de 2010.

Terceiro.-Os funcionarios que se xubilen, de acordo co disposto na disposición transitoria segunda da Lei orgánica de educación, que teñan acreditados ao momento da xubilación cando menos vinte e oito anos de servizos efectivos ao Estado, segundo a idade, corpo de pertenza e anos de servizo efectivos, percibirán por unha soa vez:

a) A gratificación establecida no acordo do Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007.

b) A gratificación establecida no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000.

A contía das gratificacións publícase no anexo II desta orde.

Cuarto.

1. Os funcionarios dos corpos docentes aos que se refire a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, acollidos a réximes de Seguridade Social ou de previsión distinto do de clases pasivas, poderán optar, no momento da solicitude da xubilación voluntaria, por incorporarse ao réxime de clases pasivas do Estado, para efectos do dereito aos beneficios recollidos nesta disposición, así como á súa integración no réxime especial de funcionarios civís do Estado.

2. Os funcionarios de carreira dos corpos docentes acollidos a réximes da Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, que non exerciten a opción establecida no parágrafo anterior, poderán percibir as gratificacións extraordinarias nun importe equivalente ao dobre das que se publican no anexo II a esta orde, sempre que causen baixa definitiva na súa prestación de servizos ao Estado por xubilación voluntaria ou por renuncia á súa condición de funcionario, e reúnan os requisitos establecidos nos puntos terceiro e cuarto desta orde.

Quinto.-As solicitudes deberán presentarse ata o día 28 de febreiro de 2010, segundo o modelo que se publica como anexo I, nos departamentos territoriais correspondentes ao centro de destino do solicitante ou nos lugares e forma que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto.-Unha vez iniciado o procedemento unicamente serán aceptadas as renuncias que se presenten con anterioridade ao 15 de marzo de 2010.

Sétimo.-A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá as solicitudes presentadas e, cando proceda, propondrá a resolución de xubilación anticipada voluntaria con indicación da contía de gratificación extraordinaria e diferenciando entre a recollida nas alíneas a) e b) do punto cuarto desta orde.

Oitavo.-Coa paga ordinaria do último mes de servizo activo percibirase a totalidade da gratificación estatal establecida polo acordo do Consello de Ministros e o corenta por cento da establecida polo acordo do Consello da Xunta de Galicia. O sesenta por cento restante será aboado nas mesmas datas que a nómina do mes de marzo do ano inmediatamente seguinte.

Noveno.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO II
Táboas de gratificacións
Ano 2010

Corpo de mestres

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	1.906,18	1.959,54	1.959,54	1.959,54	2.012,92	2.012,92	2.012,92	2.066,28
	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
	T	5.238,29	5.384,95	5.384,95	5.384,95	5.531,62	5.531,62	5.531,62	5.678,28
63	GL	2.074,22	2.074,22	2.074,22	2.127,59	2.127,59	2.127,59	2.188,18	2.188,18
	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
	T	5.700,08	5.700,08	5.700,08	5.846,76	5.846,76	5.846,76	6.013,26	6.013,26
62	GL	2.188,18	2.188,18	2.249,47	2.249,47	2.249,47	2.310,06	2.569,69	3.011,80
	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.038,13	4.492,02	5.264,83
	T	6.013,26	6.013,26	6.181,70	6.181,70	6.181,70	6.348,19	7.061,71	8.276,63
61	GL	2.302,84	2.363,42	2.363,42	2.363,42	2.737,02	3.209,41	3.766,19	4.421,77
	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.131,42	4.784,48	5.610,28	6.583,55	7.729,56
	T	6.328,37	6.494,84	6.494,84	6.494,84	7.521,50	8.819,69	10.349,74	12.151,33
60	GL	2.363,42	2.363,42	2.713,93	3.187,06	3.735,90	4.383,55	5.138,66	6.022,86
	GX	4.131,42	4.131,42	4.744,14	5.571,18	6.530,59	7.662,75	8.982,73	10.528,39
	T	6.494,84	6.494,84	7.458,07	8.758,24	10.266,49	12.046,30	14.121,39	16.551,25

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total gratificación

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
63	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
62	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.038,13	4.492,02	5.264,83
61	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.131,42	4.784,48	5.610,28	6.583,55	7.729,56
60	GX	4.131,42	4.131,42	4.744,14	5.571,18	6.530,59	7.662,75	8.982,73	10.528,39

Corpo de profesores técnicos de formación profesional ou corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	1.906,18	1.959,54	1.959,54	1.959,54	2.012,92	2.012,92	2.012,92	2.066,28
	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
	T	5.238,29	5.384,95	5.384,95	5.384,95	5.531,62	5.531,62	5.531,62	5.678,28
63	GL	2.074,22	2.074,22	2.074,22	2.127,59	2.127,59	2.127,59	2.188,18	2.188,18
	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
	T	5.700,08	5.700,08	5.700,08	5.846,76	5.846,76	5.846,76	6.013,26	6.013,26
62	GL	2.188,18	2.188,18	2.249,47	2.249,47	2.249,47	2.607,19	3.049,30	3.583,00
	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.557,54	5.330,38	6.263,31
	T	6.013,26	6.013,26	6.181,70	6.181,70	6.181,70	7.164,73	8.379,68	9.846,31
61	GL	2.302,85	2.363,42	2.363,42	2.775,24	3.255,56	3.819,56	4.475,15	5.245,40
	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.851,30	5.692,22	6.676,85	7.822,85	9.169,32
	T	6.328,38	6.494,84	6.494,84	7.626,54	8.947,78	10.496,41	12.298,00	14.414,72
60	GL	2.363,42	2.752,16	3.225,28	3.781,33	4.436,92	5.199,24	6.098,59	7.158,78
	GX	4.131,42	4.810,97	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05
	T	6.494,84	7.563,13	8.863,28	10.391,35	12.192,96	14.287,87	16.759,36	19.672,83

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total gratificación

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.332,11	3.425,41	3.425,41	3.425,41	3.518,70	3.518,70	3.518,70	3.612,00
63	GX	3.625,86	3.625,86	3.625,86	3.719,17	3.719,17	3.719,17	3.825,08	3.825,08
62	GX	3.825,08	3.825,08	3.932,23	3.932,23	3.932,23	4.557,54	5.330,38	6.263,31
61	GX	4.025,53	4.131,42	4.131,42	4.851,30	5.692,22	6.676,85	7.822,85	9.169,32
60	GX	4.131,42	4.810,97	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05

Corpo de profesores de ensino secundario, corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, corpo de profesores de música e artes escénicas ou corpo de profesores de artes plásticas e deseño

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	2.279,76	2.348,28	2.348,28	2.348,28	2.409,59	2.409,59	2.409,59	2.478,10
	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
	T	6.264,94	6.453,24	6.453,24	6.453,24	6.621,69	6.621,69	6.621,69	6.809,97
63	GL	2.485,31	2.485,31	2.485,31	2.553,83	2.553,83	2.553,83	2.623,07	2.623,07
	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	4.585,29
	T	6.829,80	6.829,80	6.829,80	7.018,09	7.018,09	7.018,09	7.208,36	7.208,36
62	GL	2.623,07	2.623,07	2.691,58	2.691,58	2.691,58	2.767,31	3.049,30	3.583,00
	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	4.705,05	4.837,44	5.330,38	6.263,31
	T	7.208,36	7.208,36	7.396,63	7.396,63	7.396,63	7.604,75	8.379,68	9.846,31
61	GL	2.760,10	2.836,55	2.836,55	2.836,55	3.255,56	3.819,56	4.475,15	5.245,40
	GX	4.824,82	4.958,46	4.958,46	4.958,46	5.690,95	6.676,85	7.822,85	9.169,32
	T	7.584,92	7.795,01	7.795,01	7.795,01	8.946,51	10.496,41	12.298,00	14.414,72
60	GL	2.836,55	2.836,55	3.225,28	3.781,33	4.436,92	5.199,24	6.098,59	7.158,78
	GX	4.958,46	4.958,46	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05
	T	7.795,01	7.795,01	8.863,28	10.391,35	12.192,96	14.287,87	16.759,36	19.672,83

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total gratificación

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
63	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	4.585,29
62	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	4.705,05	4.837,44	5.330,38	6.263,31
61	GX	4.824,82	4.958,46	4.958,46	4.958,46	5.690,95	6.676,85	7.822,85	9.169,32
60	GX	4.958,46	4.958,46	5.638,00	6.610,02	7.756,04	9.088,63	10.660,77	12.514,05

Corpo de inspectores de educación, corpo de inspectores ao servizo da administración educativa ou corpos coa condición de catedráticos

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	2.279,76	2.348,28	2.348,28	2.348,28	2.409,59	2.409,59	2.409,59	2.478,10
	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
	T	6.264,94	6.453,24	6.453,24	6.453,24	6.621,69	6.621,69	6.621,69	6.809,97
63	GL	2.485,31	2.485,31	2.485,31	2.553,83	2.553,83	2.553,83	2.623,07	2.866,84
	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	5.011,42
	T	6.829,80	6.829,80	6.829,80	7.018,09	7.018,09	7.018,09	7.208,36	7.878,26
62	GL	2.623,07	2.623,07	2.691,58	2.691,58	2.958,43	3.469,04	4.071,26	4.772,28
	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	5.171,53	6.064,13	7.116,84	8.342,29
	T	7.208,36	7.208,36	7.396,63	7.396,63	8.129,96	9.533,17	11.188,10	13.114,57
61	GL	2.760,10	2.836,55	3.156,04	3.697,67	4.338,11	5.085,29	5.961,56	6.990,74
	GX	4.824,82	4.958,46	5.516,98	6.463,78	7.583,32	8.889,44	10.421,24	12.220,29
	T	7.584,92	7.795,01	8.673,02	10.161,45	11.921,43	13.974,73	16.382,80	19.211,03
60	GL	3.125,75	3.667,38	4.299,89	5.039,14	5.908,20	6.930,16	8.134,58	9.529,42
	GX	5.464,02	6.410,83	7.516,49	8.808,75	10.327,93	12.114,39	14.219,82	16.658,08
	T	8.589,77	10.078,21	11.816,38	13.847,89	16.236,13	19.044,55	22.354,40	26.187,50

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total gratificación

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.985,18	4.104,96	4.104,96	4.104,96	4.212,10	4.212,10	4.212,10	4.331,87
63	GX	4.344,49	4.344,49	4.344,49	4.464,26	4.464,26	4.464,26	4.585,29	5.011,42
62	GX	4.585,29	4.585,29	4.705,05	4.705,05	5.171,53	6.064,13	7.116,84	8.342,29
61	GX	4.824,82	4.958,46	5.516,98	6.463,78	7.583,32	8.889,44	10.421,24	12.220,29
60	GX	5.464,02	6.410,83	7.516,49	8.808,75	10.327,93	12.114,39	14.219,82	16.658,08

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 1 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán, aos organismos responsables, na Comunidade Autónoma, a homologación dos ditos cursos e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vai a celebrar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitados pola entidade *Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.*, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso.

Curso de aplicador/manipulador de biocidas. Nivel cualificado.

2. Entidade organizadora.

Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.

3. Data.

O curso impartirase dous días por semana nos meses de febreiro e marzo de 2010 polas tardes das 16.00 ás 21.30 horas.

Os días 11, 18, 23, 25 de febreiro e 2, 4, 9, 11, 16, 18, 23, 25 de marzo de 2010.

4. Duración.

60 horas (avaliación 1 hora).

5. Lugar de realización.

Instalacións de *Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.*

Avda. Primo de Rivera 4-2º, local 6-7, 15006 A Coruña.

6. Número de prazas.

Máximo 20 alumnos.

7. Dirixido a:

Responsables técnicos das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas.

8. Criterios de selección.

Por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

9. Presentación de solicitudes.

Segundo modelo do anexo.

10. Programa.

11-2-2010	16.00-21.30 h	-Os praguicidas: concepto de praguicida. Utilización de praguicidas. Historia. -Lexislación aplicable os praguicidas. -A etiqueta dos envases dos praguicidas. Clasificación dos praguicidas.
18-2-2010	16.00-21.30 h	-Técnicas de aplicación de praguicidas. Descrición dos equipamentos mecánicos. -Precaucións durante o uso dos equipos. Preparación de praguicidas. -Práctica: exercicios de preparación de disolucións.
23-2-2010	16.00-21.30 h	-As pragas. Historia ecolóxica das pragas. Clasificación e características. -Pragas urbanas. Bioloxía das pragas urbanas. Praga de interese en saúde pública. Microorganismos produtores de enfermidades. Bacterias, fungos. -Práctica: identificación.
25-2-2010	16.00-21.30 h	-Pragas de roedores. Pragas de insectos e ácaros. Métodos de loita. Métodos físicos e mecánicos. Métodos biolóxicos. -Principais axentes de control biolóxico. Métodos químicos. -Práctica: identificación-asociación.
2-3-2010	16.00-21.30 h	-Composición e formulación de praguicidas. -Praguicidas e medio ambiente. Problemas. Destrución de envases. Residuos de praguicidas e contaminación. -Medidas preventivas de contaminación do ambiente. Alteracións do equilibrio ecolóxico.
4-3-2010	16.00-21.30 h	-Lei de prevención de riscos laborais. Relación traballo-saúde. -Toxicidade dos praguicidas. Estudos de letalidade. Efectos tóxicos. -Poboación exposta ao risco. Exposición laboral. Exposición non laboral.
9-3-2010	16.00-21.30 h	-Técnicas de tratamento ambiental. Desenvolvemento de programas de aplicación de praguicidas. Introducción a programas de APPCC. -Práctica: exercicio práctico. Implantación.
11-3-2010	16.00-21.30 h	-Introdución aos biocidas. Lexislación de aplicación. Desinfección: produtos utilizados. Raticidas para ratas e ratos. Insecticidas e acaricidas.
16-3-2010	16.00-21.30 h	-Hixiene e seguridade no manexo e aplicación de praguicidas. -Vías de penetración dos praguicidas no organismo. Criterios de prevención de intoxicación por praguicidas. -Condutas que se seguirán no caso de intoxicación. -Prácticas primeiros auxilios.
18-3-2010	16.00-21.30 h	-Saúde laboral. Riscos. Precaucións e normas de seguridade. Equipos de Protección Persoal (EPI). Protección dos pés, mans. Protección do corpo e cabeza. -Práctica: tipos de máscara, protectores oculares, luvas.
23-3-2010	16.00-21.30 h	-Prácticas: preparación de disolucións de produtos. Uso adecuado dos medios de protección persoal. Boas prácticas de almacenamento de praguicidas. Interpretación de pictogramas e etiquetas. Tipos de bocas. Tipos de cebos. -Funcionamento de equipamentos: nebulizadores, atomizadores, pulverizadores, espaxadores de pos.
25-3-2010	16.00-22.30 h	-Manipulación de praguicidas. Transporte, almacenamento, distribución e venda. Lexislación de aplicación. -Práctica: caso práctico. -Proba de avaliación (1 h).

11. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Rematado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñece-

mentos adquiridos polos alumnos e, en caso de superalas, expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade, o carné de aplicador/manipulador de biocidas, nivel cualificado.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2009.

Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Saúde Pública e Planificación

ANEXO

Ficha de solicitude de inscrición

Curso de aplicador/manipulador de biocidas. Nivel cualificado

-Entidade organizadora: *Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.*

-Data: o curso impartirase dous días por semana nos meses de febreiro e marzo de 2010 polas tardes das 16.00 ás 21.30 h.

Os días 11, 18, 23, 25 de febreiro e 2, 4, 9, 11, 16, 18, 23, 25 de marzo de 2010.

-Lugar de celebración: *Instalacións de Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.* Avda. Primo de Rivera 4-2º, local 6-7, 15006 A Coruña.

-Duración: 60 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.

-Horario: das 16.00 ás 21.30 h.

-Nº máximo de alumnos: 20.

-Prezo: 520 euros que se van ingresar na conta *Biocontrol, S.L.* do *BBVA* co número 0182 2201 45 0201581606.

Inscrición: enviar ficha de solicitude xunto co xustificante de pagamento a *Biocontrol*, avda. Primo de Rivera, 2º local 6-7, 15006 A Coruña. Tel: 981 24 54 18. Fax: 981 16 81 59. Correo electrónico: biocontrol@biocontrolbel.com.

-Data límite de presentación de solicitudes: ata o día 8 de febreiro de 2010 (26 de xaneiro para empresas bonificadas).

-Criterio de selección: por rigorosa orde de recepción da solicitude xunto co xustificante de pagamento.

Empresa

CIF

Enderezo

Localidade.....

Teléfono.....

Fax.....

Correo electrónico

Apelidos.....

Nome.....

NIF

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 18 de decembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de agosto de 2009 pola que se regulan e se convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas, ampliando a súa dotación orzamentaria e modificando o límite establecido por quilo de cota.

Pola Orde do 6 de agosto de 2009 reguláronse e convocáronse subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto).

Así mesmo, polas ordes do 14 de outubro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 204, do 19 de outubro) e do 13 de novembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 226, do 18 de novembro), ampliouse a dotación orzamentaria da Orde do 6 de agosto de 2009, nunha cantidade de oitocentos trinta e un mil cento trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (831.134,54 euros), e de dous millóns cento dezasete mil euros (2.117.000 euros), respectivamente.

No artigo 15 da orde, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria, o importe económico previsto para elas e que dita cantidade pode ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións.

Á vista das dificultades polas que están pasando as explotacións leiteiras e os fondos adicionais que se poden destinar a estas axudas, parece razoable facer unha nova ampliación orzamentaria da orde para que os importes poidan ser maiores.

Tendo en conta que coa nova ampliación orzamentaria pode superarse o límite por kg de cota que se establece na orde, é momento de ampliar ese límite.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º 3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se recolle na orde desta consellería do 6 de agosto de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto) pola que se regulan e convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas, nun total de catro millóns catrocentos setenta e un mil douscentos dezaseis euros con setenta e oito céntimos (4.471.216,78 €), na aplicación orzamentaria 49.02.712B.772.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo segundo.-Modifícase o número 1º do artigo 3 da devandita orde que queda redactado como segue:

1. As axudas establecidas nesta orde consistirán nunha subvención aos titulares de explotacións leiteiras que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2.1º desta orde. Para a determinación do importe unitario, que poderá chegar ata 1,1 céntimo

por quilo, procederáse ao rateo do importe global da dispoñibilidade orzamentaria prevista nesta orde entre os quilos de cota dispoñible, en 31 de marzo de 2009, polos solicitantes. O importe unitario resultante por quilo de cota repartirase entre os beneficiarios en función dos quilos de cota dispoñible polo solicitante en 31 de marzo de 2009, cun importe máximo de 7.500 euros.

Disposición transitoria

Única.-A ampliación prevista nesta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 6 de agosto de 2009.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 11 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto pola Resolución do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivamente do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir

docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Elevar a definitiva a lista provisional de excluídos, publicada no anexo do Anuncio do 10 de novembro de 2009 (DOG do 24 de novembro) coa excepción de Almarza Cano, José M^a, DNI 05657275-B, que pasa a formar parte do baremo definitivo.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 10 de decembro de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir á petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios/as doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial*

de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO I

Denominación do posto: xefe/a territorial.

Código: TR.C99.10.000.36560.219.

Nivel: 28.

Dependencia: Departamento Territorial de Vigo.

Localidade: Vigo.

Grupo: A B.

Corpo/escala: xeral.

C. espec.: 19.072,62 €.

Adscrición administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado e Administración de comunidades autónomas).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego -requisito indispensable).

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence	Grupo	Nº de R.P.
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL				
Consellería	Dependencia	Localidade		

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conseleira de Traballo e Benestar

Orde do 11 de decembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 6 de novembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 223, do 13 de novembro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Traballo e Benestar, mediante Orde do 6 de novembro de 2009 (DOG nº 223, do 13 de novembro), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería,

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se expresa no anexo desta orde, seleccionado conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por orde desta consellería do 6 de novembro de 2009.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino o funcionario está desfrutando un período de licenza,

vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa o funcionario, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente

no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Apelidos e nome: Selas Souto, José.

NRP: 3491755735 A2051.

Grupo: A2.

Corpo/escala: Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia.

Denominación do posto: Xefe/a Territorial.

Código: TR.C99.10.000.32001.100.

Nivel: 28.

Dependencia: Departamento Territorial de Ourense.

Localidade: Ourense.

Orde do 11 de decembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 10 de novembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 226, do 18 de novembro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Traballo e Benestar, mediante Orde do 10 de novembro de 2009 (DOG nº 226, do 18 de novembro), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se expresa no anexo desta orde, seleccionado conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por orde desta consellería do 10 de novembro de 2009.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data na que debe cesar no seu destino o funcionario está desfrutando un período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente presta os seus servizos o funcionario, ou

no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro no que cause baixa o funcionario, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Apelidos e nome: Mato Montero, Eduardo.

NRP: 3326830024 A2060.

Grupo: A1.

Corpo/escala: corpo superior de administración da Xunta de Galicia.

Denominación do posto: Subdirección Xeral de Personal.

Código: VP.201.00.001.15770.001.

Nivel: 30.

Dependencia: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 23 de outubro de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo, xefe de servizo de pediatría deste complexo hospitalario.

De conformidade co establecido no capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo de, provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e a Orde de 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das insti-

tucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 119, do 19 de xuño de 2009) o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

RESOLVE :

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir polo sistema de avaliación colexiada o posto de traballo que se cita no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do Complexo Hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.Sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do Complexo Hospitalario, no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 23 de outubro de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe de servizo de Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Procedemento de provisión: avaliación colexiada.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 19 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal sanitario diplomado (coordinador de servizo de atención primaria).

De conformidade co establecido no artigo 5 j) da Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do

Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal sanitario diplomado (coordinador de Servizo de Atención Primaria de Sanxenxo), anunciado por Resolución do 22 de setembro de 2009 (DOG nº 205, do 20 de outubro).

Segundo.-Nomear no posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-Contra esta resolución poderá interpoñerse nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Esta resolución estará exposta no taboleiro de anuncios da XAP de Pontevedra, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Pontevedra, 19 de novembro de 2009.

Manuel Castro Pazos
Director da Xerencia de Atención Primaria
de Pontevedra

ANEXO

Posto de traballo: coordinador do Servizo de Atención Primaria de Sanxenxo.

Nome e apelidos: Adelina González Pintos.
DNI: 76856346-Y.

Anuncio do 25 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, polo que se procede a dar publicidade a Resolución 11/2009 da mesma data, pola que se convoca a provisión dun posto vacante de coordinador de servizo de atención primaria.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 3 da devandita orde e o artigo 5 j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órga-

nos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, dispense:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto vacante de coordinador de servizo de Atención Primaria.

Segundo.-Poderá concorrer a ela todo o persoal diplomado sanitario, con vínculo de fixeza, situación de servizo activo e adscrición efectiva ao servizo no que presente a candidatura.

Terceiro.-A resolución da convocatoria coas súas bases estará exposta na mesma data de publicación deste anuncio no DOG, no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, así coma na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.galiciasaude.es).

Cuarto.-As instancias dirixiranse á directora xerente da Xerencia de Atención Primaria da Coruña (r/ Sir John Moore, 2, 15001 A Coruña) e poderán presentarse no rexistro desta ou calquera rexistro xeral dos servizos do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. O prazo para a presentación das instancias será de 15 días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 25 de novembro de 2009.

Mª Jesús Rodríguez Abellón
Directora da Xerencia de Atención Primaria
da Coruña

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PADRÓN

Edicto (31/2009).

Luis Fernández-Arias González, secretario do Xulgado de Primeira Instancia número un de Padrón (A Coruña), dou fe e testemuño que na executoria seguida neste xulgado co número 31/2009 ditouse auto o 12 de agosto de 2009 que se transcribe na súa parte necesaria:

«Declárase firme a sentenza ditada nesta causa, fáganse as anotacións oportunas nos libros de rexistro.

Para a súa execución acórdase o seguinte:

Requirir de pagamento a Santiago Beltrán Domínguez, pola cantidade de 240 euros.

Advirtaselle ao condenado que, se non satisfai voluntariamente ou pola vía de constrinximento as

multas impostas, quedará suxeito a unha responsabilidade persoal subsidiaria de un día de privación de liberdade por cada dúas cotas non pagadas, que se poderá cumprir mediante localización permanente.

Deberá efectuar os ditos ingresos na conta de *Banesto*, oficina principal de Padrón, número 1575 0000 0078 0031/09, no prazo de quince días desde a notificación desta resolución».

E para que conste e lle sirva de notificación e requirimento a Santiago Beltrán Domínguez, actualmente en paradiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido este edicto en Padrón o 18 de novembro de 2009.

Luis Fernández-Arias González
Secretario xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (331/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento demanda 331/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de Aníbal Héctor Taramasco Aguilar, Richard Sebastian Furtado Piñón e Fernando Montero Montenegro, contra as empresas Ayacucho Express, *Gefco España, S.A.*, sobre ordinario, se ditou sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Que estimo a demanda presentada por Richard Sebastian Furtado Piñón e Fernando Montero Montenegro contra a empresa *Ayacucho Express, S.L.*, e desestímola contra a empresa *Gefco España, S.A.*, polo que condeno a empresa *Ayacucho Express, S.L.* a aboarlle a cada un dos demandantes a cantidade de 5.289,95 euros polos conceptos recoñecidos como debidos nesta resolución.

Desestímase integramente a demanda formulada por Aníbal Héctor Taramasco Aguilar contra a empresa *Ayacucho Express, S.L.* e absólvese esta empresa e a codemandada dos pronunciamentos solicitados polo sr. Taramasco.

En todo caso, procede a libre absolución de *Gefco España, S.A.* de todos os pronunciamentos contidos na demanda reitora destas actuacións.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que deberá anunciarse ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, do seu avogado ou do seu representante legal,

designando o letrado que deberá interpoñelo, será posible o anuncio por simple manifestación daquela ao ser notificada, e será resolto, de ser o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, acreditar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta número 1531, clave 60, e que pode substituírse por aseguramento mediante aval bancario, coa constancia da responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros na conta 1531, clave 34, e en calidade de depósito e en impreso separado do importe da condena.

Así, por esta a miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a Ayacucho Express, en ignorado paradoiro, expido esta para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, tres de novembro de dous mil nove.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(601/2007).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña,

Dou fe e testemuño en autos seguidos ante este xulgado do social, tramitados baixo o número 601/07 por instancia de *Mutua Gallega de A.T.* contra a empresa *Fragonsa Servicios, S.L.* e outros sobre determinación de continxencia, ditouse a seguinte:

«Sentenza.-Na cidade da Coruña, o 13 de novembro de 2009.

Beatriz Seijo Dopico, xuíza substituta do social número dous desta cidade, viu estes autos de xuízo número 601/2007, seguidos por instancia de *Mutua Gallega de A.T.*, representada e asistida polo letrado sr. Torrado Oubiña, contra o Instituto Nacional da Seguridade Social e TXSS, representados e asistidos pola letrada sra. Pardo Costas, contra María Pilar Martínez Pena, que non compareceu nos autos e contra a empresa *Fragonsa Servicios, S.L.*, que non compareceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación a determinación de continxencia.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Dedico: que debo estimar e estimo en parte a demanda interposta por Mutua Gallega de AT contra o INSS, TXSS, María Pilar Martínez Pena e contra a empresa *Fragonsa Servicios, S.L.*, e debo declarar e

declaro non axustada a dereito a resolución administrativa do INSS que determinaba como derivada de accidente de traballo a baixa de traballadora de 28-9-2006, e condenando os codemandados a estar e pasar pola devandita declaración.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás cales se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se anunciará ante este xulgado no prazo de cinco días, contado a partir da notificación desta sentenza e no propio termo.

Así, por esta a miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Fragonsa, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, 13 de novembro de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(701/2009).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos número 701/2009 por instancia de Carlos Alberto Girotti contra *Couceiro Ebanistería, S.L.* sobre despido, nos cales recaeu sentenza o 12 de novembro de 2009, que copiada nos particulares necesarios di así:

«Que estimando a demanda formulada por Carlos Alberto Girotti, declaro a improcedencia do seu despedimento e condeno a empresa *Couceiro Ebanistería, S.L.* a que, á súa elección, que se efectuará no prazo de cinco días, o readmita no seu posto e condicións de traballo ou o indemnice coa cantidade de 168,03 euros, así como a aboarlle en concepto de salarios de tramitación ata a notificación da sentenza e que no día da data ascenden á cantidade de 7.708,97 euros.

Notifíquelles esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, que seberán anunciar previamente ante este xulgado do social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte da súa notificación.

Prevénselle á empresa demandada que para recorrer deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións código 1533 0000 60 701 09 de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada conta do Xulgado do Social número tres, do importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, sen os cales requisitos non será admitido a trámite o recurso e quedará firme a sentenza.

Así, por esta a miña sentenza, da cal se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando, pronúncioo, mandoo e asínoo».

E para que conste, para os efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma á *Couceiro Ebanistería, S.L.*, expido e asino esta na Coruña, 17 de novembro de 2009.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial

Cédula de notificación de sentenza
(722/2009).

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos número 722/2009 por instancia de Ana Estela Valcárcel Ulloa contra *Incomai, S.L.* sobre despedimento, nos cales recaeu sentenza o 12 de novembro de 2009, que copiada nos particulares necesarios di así:

«Que estimando a demanda formulada por Ana Estela Valcárcel Ulloa, declaro a improcedencia do seu despedimento e extinguida a relación laboral no día da data e condeno a empresa *Incomai, S.L.* a que a indemnice coa cantidade de 11.724,19 euros, así como a aboar en concepto de salarios de tramitación a cantidade de 9.040,64 euros.

Notifíqueselles esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, que deberán anunciálo previamente ante este xulgado do social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte da súa notificación.

Prevénselle á empresa demandada que para recorrer deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións código 1533 0000 60 722 09 de *Banesto* (0030) desta cidade denominada Conta do Xulgado do Social número tres, do importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, sen os cales requisitos non será admitido a trámite o recurso e quedará firme a sentenza.

Así, por esta a miña sentenza, da cal se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, para os efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma á *Incomai, S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña, 17 de novembro de 2009.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial

XULGADO DO SOCIAL **NÚMERO CATRO DA CORUÑA**

Cédula de notificación de sentenza
(162/2008).

Eu, Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fago saber que no procedemento de Demanda 162/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Ana María Conde Cagiao contra a empresa *Instituto Galego da Visión, S.L.U.*, sobre ordinario, se ditou resolución do teor literal seguinte:

«Resolvo que, estimando parcialmente a demanda promovida por Ana María Conde Cagiao contra a empresa *Instituto Galego da Visión, S.L.U.*, debo condenala e a condeno a que lle aboe á demandante a cantidade de 8.918,9 euros.

Notifíqueselles esta resolución ás partes e fágase-lles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, e que será resolto, se é o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma á empresa *Instituto Galego da Visión, S.L.U.*, en ignorado paradoiro, expido esta cédula para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, salvo as que revistan forma de auto ou sentenza ou de se tratar de emprazamento.

A Coruña, 14 de outubro de 2009.

Ana María Carrasco García
Secretaria xudicial

Cédula de notificación de sentenza
(1164/2008).

Eu, M^a del Mar Barral Pérez, secretaria xudicial do Xulgado do Social nº 4 da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 1164/2008 deste xulgado

do social, seguido por instancia de Rafael Fernández Losa contra a empresa *Mabingra, S.L.U.*, sobre ordinario, se ditou resolución do teor literal seguinte:

«Resolvo que, estimando a demanda interposta por Rafael Fernández Losa, debo declarar e declaro o dereito do demandante a percibir as cantidades reclamadas polos conceptos de salarios, e en tal sentido debo condenar e condeno a empresa *Mabingra, S.L.U.* a que lle aboe ao demandante a cantidade de novecientos cinco euros con setenta e oito céntimos.

Notifíqueseles esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra esta non poden interpor recurso de suplicación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

Publicación.-A anterior sentenza foi lida e publicada pola maxistrada-xuíza substituta que a subscribe, celebrando audiencia pública no día da data. Dou fe».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Mabingra, S.L.U.*, en ignorado paradoiro, expido esta cédula para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza ou de se tratar de emprazamento.

A Coruña, 17 de novembro de 2009.

M^a del Mar Barral Pérez
Secretaria xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 9 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifican as resolucións dos expedientes que se relacionan, de revogación da autorización como empresa operadora e da cancelación da inscrición no Rexistro do Xogo de Máquinas desta consellería, así como de proposta de liquidación provisional e acordo de liquidación provisional das correspondentes taxas administrativas.

Intentada a práctica da notificación directa aos interesados, en relación cos expedientes que se relacio-

nan no anexo, e ao non poder efectuarse, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior resolve, ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), proceder á notificación das ditas resolucións por medio da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados poderán examinar a resolución de revogación completa no Servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, sito na rúa Roma nº 25-27 de Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Contra a devandita resolución poderán interpoñerse recurso de alzada de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada mediante a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. Este recurso poderán interpoñerse ante esta dirección xeral ou ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Nas mesmas condicións poderán examinar a proposta de liquidación provisional e acordo de liquidación provisional das correspondentes taxas administrativas. Fronte á proposta de liquidación provisional das correspondentes taxas poderanse presentar alegacións nun prazo de 10 días dende a recepción da notificación da proposta de liquidación provisional, de acordo co artigo 7 do Decreto 61/2005, do 7 de abril. Transcorrido o prazo sinalado anteriormente sen que o interesado presentase ningunha alegación, entenderase notificada a proposta para todos os efectos o día seguinte ao do vencemento do devandito prazo e a proposta de liquidación provisional converterase en liquidación provisional.

Contra a citada resolución poderase promover reclamación económico-administrativa perante a Xunta Superior de Facenda ou, potestativamente, recurso de reposición perante esta dirección xeral sen que se poidan simultanear ambos os dous recursos. En calquera dos dous casos, o recurso ou reclamación interpoñeráse no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en se entende notificadas esta liquidación provisional e dirixirse ao órgano administrativo que ditou o acto.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2009.

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior

ANEXO

-Empresa operadora: *Otegas Recreativos, S.L.*
CIF: B-27151232.

Último enderezo coñecido: rúa Castela 1, baixo esquerda 27500 Chantada (Lugo).

Data da resolución de revogación da autorización como empresa operadora: 9 de decembro de 2009.

Causa da revogación: non adaptación ao disposto no Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.

Data da proposta de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009.

Data do acordo de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009.

Feito imponible: tramitación do procedemento de revogación como empresa operadora.

-Empresa operadora: *Recreativos Lage, S.L.*

CIF: B-32022816.

Último enderezo coñecido: avenida de Zamora, 9-4º B 32005 Ourense.

Data da resolución de revogación da autorización como empresa operadora: 9 de decembro de 2009.

Causa da revogación: non adaptación ao disposto no Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.

Data da proposta de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009

Data do acordo de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009

Feito imponible: tramitación do procedemento de revogación como empresa operadora.

-Empresa operadora: *Automáticos Vicus Nos, S.L.*

CIF: B-32014664.

Último enderezo coñecido: rúa Regueiro, 2 baixo 36211 Vigo (Pontevedra).

Data da resolución de revogación da autorización como empresa operadora: 9 de decembro de 2009.

Causa da revogación: non adaptación ao disposto no Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.

Data da proposta de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009.

Data do acordo de liquidación provisional de taxas: 9 de decembro de 2009.

Feito imponible: tramitación do procedemento de revogación como empresa operadora.

-Empresa operadora: *Automáticos Galicia Sur, S.L.*

CIF: B-32131401.

Último enderezo coñecido: rúa Alejandro Pedrosa, 65 baixo 32001 Ourense.

Data da resolución de revogación da autorización como empresa operadora: 29 de outubro de 2009.

Causa da revogación: non adaptación ao disposto no Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.

Data da proposta de liquidación provisional de taxas: 29 de outubro de 2009.

Data do acordo de liquidación provisional de taxas: 29 de outubro de 2009.

Feito imponible: tramitación do procedemento de revogación como empresa operadora.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Acordo do 23 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica no concello das Pontes de García Rodríguez. (Expediente IN407A 09/128).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: anexo I. L.M.T., C.T. e R.B.T. Cruz de Rosende.

Situación: As Pontes de García Rodríguez.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión aérea, a 20 kV, cunha lonxitude de 109 m, con orixe en apoio proxectado que se intercalará en L.M.T. MOL-816, tramo entre derivación a C.T. A Faeira e derivación a C.T. Lamas (expediente IN407A 2006/151), condutor tipo LA 56/54,6 mm², e final no C.T. Cruz de Rosende proxectado.

Centro de transformación (C.T.) intemperie, cunha potencia de 50 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 1.707 m, con orixe no C.T. proxectado, condutor tipo R.Z., sobre apoios de formigón. Concello das Pontes de García Rodríguez.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación ou notificación individual.

A Coruña, 23 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

ANEXO

Relación de propietarios, bens e dereitos afectados

Expediente: 09/128

Provincia: A Coruña

Anexo I L.M.T., C.T. e R.B.T. Cruz de Rosende

Concello: As Pontes de García Rodríguez

Predio			Propietario		Apoio		Afeccións			
Nº	Lugar	Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	nº	m ²	m.l. aé.	m.l. sub.	m ² aé.	m ² sub.
1	Portocarado	Prado	Manuel Doce Meiroso	O Viso-A Facira, nº 2, 15610 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	0 (SXS) e 1 (centro de transform.)	18	109		1.510	

Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Boiro. (Expediente IN407A 09/359).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. Chicolino.

Situación: concello de Boiro.

Características técnicas: liña eléctrica aérea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 20 m, con orixe no apoio existente da instalación nomeada L.M.T.S. Vilariño-Taragoña, e remate nun apoio de formigón onde se instala o paso aerosubterráneo e parte o tramo de liña subterránea.

Liña subterránea de media tensión de 20 kV, cunha lonxitude de 570 m con orixe no paso aerosubterráneo e remate nunha cela do centro de secciónamento, con condutor R.H.V. 3×1×95 mm² Al. Concello de Boiro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 12 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/429).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: adecuación C.T. Escorial.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas: cambio do centro de transformación Escorial (expediente 26784), de 100 kVA por un de 400 kVA e unha relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello da Coruña.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 12 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Mañón. (Expediente IN407A 09/436).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: adecuación C.T. San Fiz.

Situación: concello de Mañón.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 0,008 km, con orixe na L.M.T.A. Cancelo entre o C.T. Amena e o C.T. Pastoriza, condutor tipo LA-56/54,6 mm², e final no C.T. proxectado.

Centro de transformación intemperie, cunha potencia de 50 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Mañón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 12 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Acordo do 12 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Narón. (Expediente IN407A 09/437).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a

información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: instalación de telecontrol de interior no C.T. Muíño do Vento (expediente 11724).

Situación: concello de Narón.

Características técnicas: centro de transformación non prefabricado Muíño do Vento, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Co obxecto de telecontrolar a liña de saída ao C.T. Escola Dafonte, proxéctase a substitución do aparelaxe de obra civil existente por un conxunto de celas modulares 2LIP telecontroladas e unha cela de acoplamento capacitivo instalando un detector de paso de falta, ademais da alimentación e equipamento de control e comunicacións. Instalarase un conxunto de autoválvulas e un tramo de condutor R.H.Z.1-20L-12/20 kV-3 (1x240) Al, e acondicionarase a caseta do transformador. Concello de Narón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 12 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Acordo do 30 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se comunica a resolución ditada no expediente sancionador E.S. 1/09 seguido a Áridos Lamas, S.A.

Notifícaselle ao denunciado, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, a notificación da resolución ditada pola xefa territorial da Consellería de Economía e Industria, ditada no expediente sancionador que se cita no anexo, e que na súa parte dispositiva di: sancionar a *Áridos Lamas, S.A.* cunha multa de seis mil euros (6.000 €) como administrativa especificada nos fundamentos xurídicos desta resolución.

O interesado dispón do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, para interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de

Galicia ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela ou do domicilio do interesado -se radica en Galicia-, a elección deste, no prazo de dous meses contados desde a dita data, podendo examinar dentro deste prazo o expediente instruído no Departamento Territorial de Economía e Industria da Coruña, edificio administrativo Monelos, 2º andar (reclamacións), segundo o disposto no artigo 84.2º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 30 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: E.S.1/09.

Denunciado: *Áridos Lamas, S.A.* Avda. Marqués de Figueroa, nº 63. 15500 Perlío, Fene (A Coruña).

Feito denunciado: riscos laborais e seguridade mineira.

Precepto infrinxido: Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Precepto sancionador: artigo 47.3º.

Sanción: 6.000 €.

Resolución do 9 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Carballo. (Expediente IN407A 09/362).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T.C. Santa Eufemia, nº 32.

Situación: concello de Carballo.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea (L.M.T.S.) a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,280 km, con orixe nos empalmes que se realizarán na L.M.T.S. CBL-703A, tramo entre o C.T. centro de saúde (expediente 84/1995) e o C.T. Vila de Caión, nº 11 (expediente 502/2007), en condutor tipo R.H.Z.1-20L-12/20 kV-3 (1x240) Al, e final no C.T.C. Santa Eufemia, nº 32, proxectado.

Centro de transformación non prefabricado (C.T.C.), cunha potencia de 400 kVA, e unha rela-

ción de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Carballo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 9 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 10 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da reforma do parque de 15 kV da subestación San Marcos 132/15 kV de Oleiros, no termo municipal de Oleiros (A Coruña). (Expediente IN407A 09/216).

Examinado o expediente instruído por pedimento da empresa *Unión Fenosa Distribución, S.A.*, con domicilio para efectos de notificación na avda. de Arteixo 171, 15007 A Coruña, resultan os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data do 4 de maio de 2009, a citada empresa solicita a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da citada instalación, presentando a preceptiva documentación a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Segundo.-As características técnicas básicas da instalación son as seguintes:

*Ampliación e reforma do parque a 15 kV situado no exterior do edificio situado dentro do recinto da subestación consistente en:

-Instalación de celas blindadas con illamento SF6 de dobre barra, formado por 32 posicións correspondentes a 19 de liña, 2 de coxeración, 3 de transformador, 2 de servizos auxiliares, 4 de conexión e 2 de medida de tensión.

-As chegadas e saídas das celas realizaranse a través de cable illado. As celas están dotadas con seccionadores, interruptores, trafos de intensidade e trafos de tensión.

-As conexións dos trafos de potencia coas celas de trazo realízanse en cable de cobre de 630 mm².

-Dous transformadores de servizo auxiliares de 250 kVA de potencia c/u e cadro de baixa tensión. Batería de control 125 e 48 Vcc e cadro de servizos auxiliares para o sistema de protección, control, comunicacións e medida.

Terceiro.-Por Acordo do 14 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña someteuse á información pública a solicitude de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita, publicándose no DOG do 8 de xullo de 2009, no BOP da Coruña do 15 de xuño de 2009 e no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña.

Cuarto.-Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Quinto.-A solicitude obxecto deste expediente recibiu informe favorable do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia; no Decreto 79/2009, do 19 de abril e no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polos que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos departamentos desta (DOG nº 75 e 77, do 20 de abril e 22 de abril, respectivamente), no Decreto 324/2009, do 11 de xuño (DOG nº 117, do 17 de xuño) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, e no Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e coa Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modificada pola Lei 17/2007, do 4 de xullo.

Segundo.-O proxecto cumpre o disposto no Regulamento sobre centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, aprobado polo Real decreto 3275/1982, do 12 de novembro.

Terceiro.-No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

Esta dirección xeral, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas,

RESOLVE:

1. Autorizar administrativamente a reforma do parque de 15 kV da subestación San Marcos 132/15 kV de Oleiros, no termo municipal de Oleiros (A Coruña).

2. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita.

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.-As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa, asinado polo enxeñeiro industrial David Vindel Cottereau e visado polo Colexio Nacional de Enxeñeiros de ICAI, con núm. de visado dixital 0917/09, con data 14 de abril de 2009, cun orzamento total de 1.446.976,90 euros.

Segunda.-O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manteñan as condicións regulamentarias de seguranza.

Terceira.-En todo momento se deberá cumprir canto establece o Regulamento sobre centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real decreto 3275/1982, do 12 de novembro, e ordes posteriores, así como demais normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Así mesmo, o Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar a esta dirección xeral todas as resolucións que se diten en aplicación da citada facultade.

Quinta.-O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Unha vez construídas as instalacións autorizadas, o Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o

cumprimento dos compromisos contraídos pola empresa promotora.

Sexta.-Con carácter previo á posta en marcha das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución.

Sétima.-A administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Oitava.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Ángel Bernardo Tahoces
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Resolución do 17 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara, en concreto, de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica denominada L.M.T. enlace Paredes-San Fiz, nos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa. (Expediente IN407A 08/229-3 A.T.).

Examinado o expediente instruído por pedimento de Unión Fenosa Distribución, S.A., con domicilio para efectos de notificacións na Batundeira, 2 - Velle, 32960 Ourense, sobre autorización administrativa e declaración, en concreto, de utilidade pública da instalación eléctrica de referencia, así como a aprobación do seu proxecto de execución, asinado o 7-11-2008 por Rubén Menéndez Fernández, enxeñeiro industrial colexiado nº 1380; resultan os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-A petición someteuse á información pública por Acordo do 22 de decembro de 2008, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Ourense, publicada no DOG do 16 de marzo, no BOP de Ourense do 1 de abril, no xornal *La Región* do 10 de marzo de 2009, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados e neste departa-

mento territorial, en aplicación dos artigos 125 e 144 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.-Dentro do prazo establecido para iso foi presentada alegación por Irene Parente Castro relativa á titularidade dos predios afectados nº 12, 13, 25 e 33, segundo as numeracións do plano parcelario do proxecto dentro do concello de Chandrexa de Queixa; destas alegacións déuselle traslado á empresa eléctrica solicitante.

Terceiro.-Para cumprir co trámite establecido polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, foi presentado o correspondente estudo de afeccións ambientais desta instalación eléctrica, ao cal se lle deu o curso regulamentario.

Cuarto.-O proxecto, que ten un orzamento de 152.468,09 euros, prevé a execución das instalacións que se detallan a seguir:

Características técnicas:

1.-L.M.T. aérea a 20 kV, de 3.950 m con condutor tipo LA-56, con orixe no apoio nº 7 da L.M.T. ao C.T. A Mogaínza e remate no apoio proxectado nº 36 da L.M.T. ao C.T. existente San Fiz.

2.-L.M.T. subterránea de 46 m, con condutor R.H.Z.-1, con orixe na L.M.T. LEB-803, procedente da subestación de Leboreiro e remate no C.T. existente en caseta en Montederramo.

3.-R.B.T. aérea de 1.143 m, con condutor R.Z. derivada do C.T. existente en caseta de Montederramo. 4.-Cambio de máquina do citado C.T. Montederramo, con 250 kVA e R/T 20.000/400-230 V.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real decreto 1955/2000, polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro, e polo Decreto 245/2009, do 30 de abril, que regula as delegacións territoriais da Xunta de Galicia (DOG do 1 de maio).

Segundo.-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da sinalada Lei 54/1997, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro.-Con relación ás alegacións presentadas, indicar que a empresa beneficiaria xa tomou nota do cambio de titularidade dos predios arriba indicados, e debe figurar como propietaria para próximas comunicacións relativas ao trámite do expediente de prezo xusto Josefa Castro Ferreiro.

Cuarto.-Tal e como sinala a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na súa Resolución do 22 de xullo de 2009, en que se exime este proxecto da realización do trámite de avaliación de impacto ambiental, o promotor deberá cumprir as condicións que se fixan no informe ambiental presentado e aquelas outras que se recollen no anexo da dita resolución. No desenvolvemento do proxecto tamén se terá en conta o sinalado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe de 14-8-2009.

Quinto.-O proxecto de execución, sobre o cal emitíronse informe de xeito favorable os servizos técnicos deste departamento territorial, reúne todos os requisitos necesarios para a súa execución e efectuouse a comprobación sobre o terreo da traza da liña eléctrica, na cal non se dá ningunha das limitacións á constitución de servidume de paso a que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000.

Este departamento territorial, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas,

RESOLVE:

Primeiro.-Autorizar, aprobar o proxecto e declarar de utilidade pública, en concreto, as devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no proxecto e ás condicións técnicas e de seguranza establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Segundo.-Que o representante da Administración, en cumprimento do disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 149 do Real decreto 1955/2000, dea comezo ao levantamento das actas previas á ocupación, nos días e nas horas que a cada interesado se lle notifique de xeito individual, daqueles predios que figuran no anexo da resolución de información pública do proxecto.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme o establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 17 de novembro de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 17 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica L.M.T., C.T. e R.B.T. Costela, Mira do Río, no concello de Coles. (Expediente IN407A 09/92-3).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Denominación: L.M.T., C.T. e R.B.T. Costela, Mira do Río.

Situación: Coles.

Características técnicas: L.M.T. aérea a 20 kV de 301 m, con condutor LA-56, e orixe na L.M.T. VLL-810 Belesar 10 entre L.M.T. ao C.T. Pol e o C.T. Pedreira e remate no C.T. proxectado intemperie Costela de 100 kVA e r/t 20.000/400-230 V. R.B.T. aérea de 1.369 m, con condutor R.Z. derivada do C.T. proxectado Costela. Orzamento: 28.937,78 euros.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e no capítulo II do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén

se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 17 de novembro de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 19 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica L.M.T., C.T.I. e R.B.T., Piñeiro-Poulo (Ordes). (Expediente 473/2008).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas instalacións da liña eléctrica aérea a 20 kV, de 25 m de lonxitude, con orixe na L.M.T.A. existente entre C.T. Folgoso e C.T. A Calle-Poulo e final no centro de transformación no lugar de Piñeiro-Poulo e reforma da L.M.T.A. coa orixe no apoio existente de derivación ao C.T. A Calle-Poulo, no termo municipal de Ordes, (expte. nº 473/2008), por resolución deste departamento territorial do 26 de xuño de 2009, a favor da entidade beneficiaria *Unión Fenosa Distribución, S.A.* con domicilio na avda. de Arteixo, nº 171, 15007 da Coruña.

Este departamento territorial acorda sinalar o día 13 de xaneiro de 2010 para o levantamento das actas previas á ocupación, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 56 do seu regulamento, do 26 de abril de 1957, nas cales se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do Concello de Ordes, deducida da que se someteu a información pública no DOG, BOP e no xornal *La Opinión* de datas 6 de xaneiro de 2009, 18 de decembro de 2008 e 11 de decembro 2008, respectivamente, acto ao que deberán concorrer os propietarios propostos dos predios afectados, aos cales se lles practicará notificación individual sinalándolles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da referida casa do concello.

Esta publicación realizarase igualmente para os efectos do artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación; e así dirixir ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destes, de conformidade con artigo 5º da citada Lei de expropiación forzosa.

A Coruña, 19 de novembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 16 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación da subministración de ordenadores persoais e monitores tft/lcd para os distintos centros educativos dependentes desta consellería, cofinanciado con fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder). (Expediente ED-05/10 SU).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: ED-05/10 SU.

2. Obxecto de contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración de ordenadores persoais e monitores tft/lcd para os distintos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de entrega e instalación: almacén da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sito no polígono industrial de Toedo, concello da Estrada (Pontevedra) ou no centro educativo que se sinale pola Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

d) Prazo de entrega: un mes ou o prazo ofertado polo adxudicatario se fose inferior.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria/anticipado de gasto.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación.

Prezo: o orzamento máximo desta contratación é de 1.170.000 €, que se corresponden cun valor estimado de 1.008.620,69 €, máis 161.379,31 € equivalente ao 16% do IVE.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige a súa constitución.

b) Definitiva: 5% do importe de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

c) Teléfono: 981 54 44 60.

d) Poderanse consultar os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=13367>

7. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: 14 de xaneiro de 2010 ás 14.00 horas.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Admisión de variantes: non se admiten variantes.

d) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

2ª) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) A Data e a hora: a apertura das proposicións efectuarase o día 25 de xaneiro de 2010 ás 10.00 horas.

9. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

10. Data do envío do anuncio ao DOUE: 16 de decembro de 2009.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2009.

José Luís Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Resolución do 16 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación da subministración de ordenadores portátiles para os distintos centros educativos dependentes desta consellería, cofinanciado con fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder). (Expediente ED-06/10 SU).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: ED-06/10 SU.

2. Obxecto de contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración de ordenadores portátiles para os distintos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de entrega e instalación: almacén da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sito no polígono industrial de Toedo, concello da Estrada (Pontevedra) ou no centro educativo que se sinale pola Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

d) Prazo de entrega: un mes ou o prazo ofertado polo adxudicatario se fose inferior.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria/anticipado de gasto.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación.

Prezo: o orzamento máximo desta contratación é de 455.455 €, que se corresponden cun valor estimado de 392.633,62 €, máis 62.821,38 € equivalente ao 16% do IVE.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige a súa constitución.

b) Definitiva: 5% do importe de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

c) Teléfono: 981 54 44 60.

d) Poderanse consultar os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=13368>

7. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: 14 de xaneiro de 2010 ás 14.00 horas.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Admisión de variantes: non se admiten variantes.

d) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

2ª) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) A data e a hora: a apertura das proposicións efectuarase o día 25 de xaneiro de 2010 ás 10.00 horas.

9. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

10. Data do envío do anuncio ao DOUE: 16 de decembro de 2009.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2009.

José Luís Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Cédula do 19 de novembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica o inicio do expediente sancionador PROM 171/2009, incoado por infraccións en materia sanitaria.

Con data do 3 de novembro de 2009, a xefa territorial da Consellería de Sanidade en Ourense acordou o inicio do expediente sancionador PROM nº 171/2009, iniciado no Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Sanidade a María Pilar Conde Cerdón.

Intentada a notificación deste acordo segundo o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica, por medio desta cédu-

la, e segundo o disposto número 5 do referido artigo, notificábase a María Pilar Conde Cerdón, como titular do establecemento Café bar Norte, o dito acordo de inicio que figura como anexo, para que poida ter coñecemento del.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que a asiste, ao abeiro do disposto no número 1 do artigo 19 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, para presentar alegacións ante este departamento territorial no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte á publicación desta cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias deste departamento territorial, sito na avda. de Zamora, nº 13, Ourense, e obter, se é o caso, copia del, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación a interesada, en cumprimento co disposto no artigo 59.5º da Lei 39/1992, do 26 de novembro.

Ourense, 19 de novembro de 2009.

María Villar Suárez
Xefa territorial de Ourense

ANEXO

Expediente sancionador: PROM nº 171/2009.
Denunciada: María Pilar Conde Cerdón, titular do establecemento Café bar Norte.

Documento de identificación: 36092555.

Último enderezo coñecido: estrada N-525 km 192, Abavides, CP 32695, Trasmiras. Ourense.

Feito imputado: infracción en materia sanitaria.

Preceptos infrinxidos: artigo 19.2º d) da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos de tabaco.

Tipificación: leve.

Sanción proposta: trescentos euros (300 €).

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de equipos electromédicos, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego da Saúde. Complexo Hospitalario Univesitario de Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

- c) Número de expediente: AB CHV1 09 001.
 d) Enderezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo: servizo.
 b) Descrición: servizo de mantemento de equipos electromédicos.

c) CPV: 50421000.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: DOUE.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 11-4-2009.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
 b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación.

Importe neto 1.045.332,76 euros. IVE 16% importe total 1.212.568 euros.

5. Adxudicación.

- a) Data: 21-8-2009.
 b) Contratista: *Ibérica de Mantenimiento, S.A.*
 c) Importe de adxudicación:

Importe neto 940.344,83 euros. IVE 16% importe total 1.090.800 euros.

Vigo, 17 de novembro de 2009.

P.D. (artigo 5º Orde 15-6-2009; DOG nº 119, do 19 de xuño)

Francisco Soriano Paredes
 Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Resolución do 24 de novembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do expediente anticipado de gasto do servizo de mantención do persoal no punto de atención continuada (PAC) de Ourense AB-XPO1-10-001.

1. Entidade adxudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Xerencia de Atención Primaria de Ourense.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Servizos Xerais e Contratación.

c) Obtención de documentación e información:

1) Dependencia: Departamento de Servizos Xerais e Contratación.

2) Enderezo: avda. de Zamora, 13-3º.

3) Localidade e código postal: 32005 Ourense.

4) Teléfono: 988 06 64 16 ou 988 06 64 37.

5) Telefax: 988 06 67 80.

6) Correo electrónico: mercedes.vilanova.alvarez@sergas.es ou jose.nunez.ramos@sergas.es.

7) Enderezo da internet do perfil do contratante: <http://www.sergas.es>.

8) Data límite de obtención de documentación e información: poderanse recoller ata o último día de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: AB-XPO1-10-001.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: servizos.

b) Descrición: servizo de mantención do persoal no punto de atención continuada (PAC) de Ourense.

c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: non.

d) Lugar de execución/entrega:

1) Enderezo:

2) Localidade e código postal:

e) Prazo de execución/entrega: dous anos.

f) Admisión de prórroga: si. Ver prego de cláusulas administrativas particulares.

g) Establecemento dun acordo marco (de ser o caso): non.

h) Sistema dinámico de adquisición (de ser o caso): non.

i) CPV (referencia de nomenclatura): 15894220-9.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Poxa electrónica: non.

d) Criterios de adxudicación, de ser o caso: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: sesenta e dous mil oitocentos trinta e dous euros (62.832 euros). IVE (7%): catro mil trescentos noventa e oito euros con vinte e catro céntimos de euro (4.398,24 euros). Importe total: sesenta e sete mil douscentos trinta euros con vinte e catro céntimos de euro (67.230,24 euros).

5. Garantías exixidas. Provisional (importe): non se exixe. Definitiva: (5%) do orzamento base de licitación.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación, se é o caso (grupo, subgrupo e categoría): non se exige.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, de ser o caso: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Outros requisitos específicos:

d) Contratos reservados: non.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que ese día coincida en sábado, domingo ou festivo, o prazo de presentación finalizará o primeiro día hábil seguinte.

b) Modalidade de presentación: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1) Dependencia: rexistro xeral da Xerencia de Atención Primaria.

2) Enderezo: avda. de Zamora, 13-baixo.

3) Localidade e código postal: 32005, Ourense.

4) Enderezo electrónico: mercedes.vilanova.alvarez@sergas.es.

d) Número previsto de empresas á que se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido):

e) Admisión de variantes, se procede: non.

f) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a data de apertura das proposicións.

8. Apertura de ofertas:

a) Enderezo: sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria de Ourense.

b) Localidade e código postal: 32005 Ourense.

c) Data e hora: a data e a hora de realización das mesas de apertura dos sobres B e C anunciaranse no perfil do contratante (<http://www.sergas.es>) e no taboleiro de anuncios do órgano de contratación.

9. Gastos de publicidade: o pagamento do anuncio desta licitación será por conta do adxudicatario do contrato.

10. Data de envío do anuncio ao *Diario Oficial de la Unión Europea* (de ser o caso):

11. Outras informacións.

Ourense, 24 de novembro de 2009.

Carlos Pereira Fernández
Director xerente de Atención Primaria de Ourense

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio de procedemento aberto (referencia As-57/2009).

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña.
a) Dependencia: Departamento de Contratación.
b) Número de expediente: As-57/2009.

2. Obxecto do contrato: servizo de comunicacións da intranet municipal en centros escolares do municipio. Duración: dous anos prorrogables por outros dous.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto, con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento base de licitación: 100.000 euros anuais, IVE incluído.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación: web municipal (Perfil del Contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981 18 42 19. b) Fax: 981 18 42 71. c) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. d) Enderezo: Plaza de María Pita, 1-2º.

7. Clasificación: V-4-a).

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: ata as 13.00 horas do día 23 de decembro de 2009. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura das proposicións técnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) A data e a hora: publicarase no perfil do contratante e/ou taboleiro de anuncios de contratación.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 24 de novembro de 2009.

P.D.

José Federico Nogueira Fernández
Teniente alcalde Delegado de Contratación

CONCELLO DE VIGO

Anuncio.

Liteyca, S.L. solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a licenza de actividade para almacén, que se situará en Gandarón (RU) nº 50 (expediente 34862/422).

De conformidade co artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, BOP e exposición no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno.

O prazo de información pública entenderase aberto desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días desde o día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio. O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na oficina de información da Xerencia Municipal de Urbanismo (planta baixa do edificio da xerencia sito na praza do Rei, 4, Vigo).

Vigo, 19 de novembro de 2009.

José Manuel Mariño Mendoza
Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda

CONCELLO DE VILALBA

Anuncio de contrato de servizos.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vilalba.
2. Obxecto do contrato: prestación do servizo de axuda a domicilio do Concello de Vilalba.
3. Orzamento total: incluído o IVE 2.400.000 euros.
4. Duración do contrato: tres anos computados a partir da sinatura do contrato, prorrogable segundo prego de cláusulas.
5. Garantía provisional: non se exige.
6. Garantía definitiva: 5% do orzamento de adxudicación, do prezo da primeira anualidade sen inclusión do IVE.
7. Información: Secretaría do Concello de Vilalba.
8. Documentación que hai que presentar: a especificada no prego de cláusulas económico-administrativas e prescricións técnicas.
9. Clasificación: non se exige.
10. Presentación de ofertas: doce días (12 días naturais) desde a última publicación no BOP ou no DOG.
11. Lugar de presentación: no rexistro xeral do Concello ou por correo.

12. Gastos dos anuncios: por conta do adxudicatario.

13. Texto íntegro deste anuncio: publicase no BOP. Vilalba, 4 de decembro de 2009.

Gerardo Criado Guizán
Alcalde

CONCELLO DE VIVEIRO

Edicto.

Solicitada a esta Alcaldía por Juan Arias Serantes en representación de *Arias y Casabella, S.L.* licenza municipal para o establecemento de infraestrutura de almacenaxe e valorización de RCDS que se instalará en Area-estrada Viveiro-Ribadeo (N-642), e cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP, así como exposición no taboleiro de anuncios do concello co fin de que durante este prazo as persoas que dalgunha maneira se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, poidan examinar o expediente no Negociado de Obras e Urbanismo deste Concello, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Viveiro, 23 de novembro de 2009.

Melchor Roel Rivas
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA

Acordo do 2 de decembro de 2009 polo que se convoca o curso de diplomado en Saúde Pública para o ano 2010.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (DOG nº 246, do 19 de decembro), sinalaba que a Escola Galega de Administración Sanitaria se configura como unha fundación pública adscrita á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, que ten personalidade xurídica e patrimonio propios.

Ademais, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (DOG nº 143, do 24 de xullo), establece que se creará a Escola Galega de Administración

Sanitaria, que dirixirá a súa actividade aos profesionais da sanidade galega e aos demais interesados no desenvolvemento sanitario de Galicia, como un organismo dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Entre as súas funcións, a Fegas axustará a súa actividade aos fins de interese xeral e á execución das directrices de política sanitaria de Galicia e desenvolverá, entre outras, as funcións de programación e execución dos programas de docencia e formación, derivados da estratexia definida pola Consellería de Sanidade.

Neste contexto, convócase un curso de diplomado en Saúde Pública, edición do ano 2010, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, organizado pola Fegas e dirixido pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, acreditado pola Escuela Nacional de Sanidade e que ten por obxecto a formación a nivel básico, en materia de saúde pública, dos profesionais sanitarios.

O curso terá unha duración de 275 horas lectivas, das que 200 terán carácter presencial, agrupadas en 6 módulos temáticos, e as 75 restantes corresponden á execución e presentación dun traballo práctico relacionado cos contidos do curso.

Sen prexuízo da elaboración do calendario definitivo do curso, as actividades docentes de carácter presencial realizaranse con carácter xeral en Santiago de Compostela nas instalacións da Fegas, entre os meses de febreiro e xuño de 2010, en horario por determinar. No caso de que por circunstancias excepcionais sexa necesario cambiar de localización, comunicarse aos participantes coa debida antelación.

O modelo de solicitude poderá recollerse na sede da Fegas ou descargalo da súa páxina web (www.fegas.es).

Lugar de presentación: os interesados deberán presentar a súa solicitude e documentación no rexistro da Fegas, nas súas instalacións da avda. de Fernando de Casas Novoa, nº 37, portal A, 1º - San Lázaro, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), ou por correo certificado. Non se admite a presentación por fax nin correo electrónico. En caso de presentación por correo certificado, na mesma data deberán enviar un correo electrónico ou fax indicando esta circunstancia, xunto cos seus datos persoais.

Prazo de presentación de solicitudes: será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de xaneiro de 2010.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2009.

Pablo Galego Feal
Director da *Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria*

COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

Anuncio do expediente de contratación 90644C.

1. Entidade adxudicadora: Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

2. Obxecto do contrato: servizo de distribución de vídeo/audio *streaming* con tecnoloxía de caché distribuída vía internet para o sitio web da CRTVG.

3. Orzamento (IVE incluído): 35.902 euros.

4. Prazo de execución: 1 ano.

5. Tramitación: ordinaria.

6. Procedemento: aberto.

7. Garantía provisional: non se exige.

8. Garantía definitiva: 5 por 100 do importe de adxudicación.

9. Obtención dos pregos de condicións e información.

Na páxina web www.crtvg.es, no enderezo de correo electrónico: sercom@crtvg.es ou no Servizo de Compras e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades (teléfono 981 54 08 55), sito en San Marcos, Santiago de Compostela.

10. Lugar de presentación das ofertas: rexistro do Servizo de Compras e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades, Centro Emisor de San Marcos, 15820 Santiago de Compostela.

11. Prazo de presentación de ofertas: quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Horario: de luns a venres, agás festivos, das 9.00 ás 14.00 horas.

12. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

13. Apertura de ofertas: terá lugar na sede da CRTVG no Centro Emisor de San Marcos, Santiago de Compostela na data e hora que se publicará no perfil do contratante da páxina web da CRTVG: www.crtvg.es.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Miguel Rodríguez Barrio
Director da División de Planificación e Administración Xeral da CRTVG e as súas sociedades